



A CORUÑA NO MUNDO **BOLSAS USA**

O programa educativo **BOLSAS USA** ofrece a oportunidade de cursar o Grao 11 (equivalente a 1º de bacharelato) en EE.UU. así como de **adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa** e un coñecemento real doutra cultura.

PRAZO DE SOLICITUDE
Do **9** ao **31** de decembro.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

A CORUÑA NO MUNDO

BOLSAS USA



TIPO DE BOLSAS

Bolsa total. Serán beneficiarias as persoas seleccionadas que non superen os 9000,00€ anuais de renda per cápita.

Bolsa parcial. Serán beneficiarias as persoas seleccionadas que superen os 9000,00€ anuais de renda per cápita. Nestos casos, o Concello asumirá un máximo do 95% e un mínimo do 5% do custo total das prazas. As familias das persoas beneficiarias destas bolsas terán que facer unha achega variable en función da súa renda.

REQUISITOS

- Residir e estar empadroado no Concello da Coruña xunto co seu pai e/ou súa nai ou representante legal, no seu caso, no momento da solicitude.
- Estar matriculado e cursando 4º da ESO no curso escolar 2021-22 nun centro da cidade da Coruña
- Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 6,5 puntos ou máis e non ter ningunha materia suspensa.
- Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés).
- Dar o consentimento, tanto o menor como os seus proxenitores ou tutores legais, no seu caso, para participar no programa e aceptar as bases que o regulan.

INSCRICIÓN

- As persoas interesadas en participar no programa deberán inscribirse en liña na web <http://www.coruna.gal/educacion> a través da ficha específica “BOLSAS USA 2022-23”. Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante no que se lle concede un número de asignación que será o de referencia de cada expediente no proceso.
- A documentación do expediente e o xustificante da inscrición en liña, deberá presentarse nos rexistros municipais ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo.
- O prazo de apertura da ficha on-line e de presentación da documentación nos rexistros é do 9 ao 30 de decembro de 2021.

A presentación das solicitudes implica a aceptación das bases da convocatoria.

Este documento ten carácter meramente informativo. As bases do programa poden consultarse na web <http://www.coruna.gal/educacion>



MÁS INFORMACIÓN

Servizo Municipal de Educación
Avenida da Mariña 18, 2
15001 A Coruña
Tel. 981 18 42 00
educacion@coruna.es